

NORMATIVA SOBRE CARGA DOCENTE DE TITULACIÓN DE GRAO PARA O CURSO 2010/11 E CONVOCATORIA DE CONTRATOS-PROGRAMA PILOTO COS CENTROS.

No de marco da adaptación ao EEES e sen esquecer que o curso 2010/11 está inmerso nunha etapa de transición pola coexistencia de estudos adaptados ao EEES cos aínda non adaptados, cómpre unha adecuación dos procedementos de establecemento das cargas docentes das titulacións de grao.

A maneira máis eficiente de levar a cabo a programación docente é dotar aos centros de maior autonomía. Isto permitirá que cada centro poda adaptar o tamaño dos grupos ás súas necesidades específicas. Para poder levar a cabo este obxectivo con criterios de equilibrio e adecuación aos cadros actuais de profesorado utilizarase o criterio de “Tamaño Medio de Grupo”.

Utilizando este criterio, será outorgado a cada centro un número global de horas de profesorado que poderá distribuír en grupos docentes que serán encargados aos departamentos.

Finalmente propónse unha convocatoria de contratos-programa piloto cos centros, de xeito que se poda afondar nestes criterios de autonomía de funcionamento. A experiencia que se acade será valiosa para a elaboración de futuras normativas aplicables a todos os centros.

O Consello de Goberno de 19 de Novembro de 2009 acorda establecer a presente normativa de carga docente de titulacións de grao para o POD 2010/11 e a convocatoria de contratos-programa piloto con centros.

1. DEFINICIÓN DE TAMAÑO MEDIO DE GRUPO

O “Tamaño Medio de Grupo” aplícase a un conxunto de materias impartidas por un centro. Considérese que unha materia ten C créditos ECTS e N estudantes matriculados e que para impartir a dita materia son necesarias H horas lectivas e presenciais de profesorado en función da distribución de horas e número de grupos que se estableza ($NA \times HA$ en grupos grandes, $NB \times HB$ en grupos intermedios e $NC \times HC$ reducidos).

O cociente entre a totalidade das horas dos estudantes e das horas de profesorado é o que se definirá como Tamaño Medio de Grupo (TMG). Trátase dun indicador de gran interese por canto permite adaptar o cómputo de carga lectiva de horas de profesorado á matrícula de alumnado dun xeito global sen descender ao detalle materia por materia do sistema tradicional na universidade.

Tomarase a referencia de 35% de presencialidade para o alumnado, que é o valor máximo de 30%-35% fixada polo Consello de Goberno de 23/07/2008. Este valor implica 8,75 horas presenciais do alumnado por cada ECTS.

Establécese:

$$\begin{aligned} \text{HORAS MATRICULADAS DE ESTUDANTES NUNHA MATERIA} &= C \times N \times 8.75 \\ \text{HORAS PRESENCIAIS DE PROFESORADO} &= NA \times HA + NB \times HB + NC \times HC \end{aligned}$$

$$\text{TMG} = \text{Horas matriculadas totais} / \text{Horas presenciais de profesorado totais}$$

Para aplicar o criterio do TMG que estableza a carga lectiva total, procederase a realizar unha estimación de horas matriculadas de estudantes. Tomando un TMG prefixado para cada centro, o montante de horas de profesorado que se outorga ao centro virá dado pola inversión da fórmula anterior para cada titulación. O TMG que se asigna a cada centro virá dado por criterios de viabilidade e de calidade docente. O procedemento descríbese nos seguintes apartados con maior detalle.

2. NUMERO DE ESTUDANTES APLICABLE PARA A ESTIMACIÓN DE HORAS MATRICULADAS

Considéranse os seguintes casos:

a) Materias de grao que se imparten por primeira vez en primeiro curso. Considerarase o límite de acceso establecido na memoria sempre que non sexa superior ao número de estudantes de primeira matrícula da/s titulación/s a extinguir no curso precedente incrementadas nun 20%. En caso de opcións a estimación aplicarase ao conxunto.

b) Materias de grao que se imparten por primeira vez en cursos superiores ao primeiro. Considerarase o número medio de estudantes matriculados nas materias obrigatorias do curso precedente no anterior ano académico. En caso de opcións a estimación aplicarase ao conxunto.

c) Materias de grao xa impartidas. Considerarase a matrícula de novos estudantes no curso anterior incrementados cun 20% dos estudantes repetidores. Quedan excluídas deste caso as materias do apartado d).

d) Para os casos de implantación en bloque tratarase aparte a singularidade de materias que exclusivamente foron cursadas por estudantes procedentes das titulacións a extinguir. Teranse en conta as previsións dos estudos de viabilidade para implantación en bloque que se fixeran pola COAP no seu momento.

e) Traballo Fin de Grao (TFG). O recoñecemento en POD do TFG está vinculado ao programa de desgravacións polo que non serán computables as horas matriculadas dos alumnos neste criterio. Non obstante, o centro, dentro da súa autonomía, poderá empregar parte do seu montante de horas globais de profesorado a establecer grupos presenciais de TFG se o considera oportuno.

f) Estancias clínicas e prácticas. Considerarase a parte presencial coa porcentaxe efectiva de presencialidade e non do 35%.

g) Outros casos non incluídos nos puntos anteriores. As cuestións excepcionais derivadas da singularidade de algunha titulación serán estudadas pola COAP.

3. ESTABLECEMENTO DO MONTANTE DE HORAS GLOBAIS PARA O ENCARGO

Tomarase como valor obxectivo para todas as titulacións un TMG máximo de 35, que representa unha aposta pola mellora da calidade docente para centros que tiñan valores moi superiores no sistema anterior. Estes casos constitúen a prioridade a curto prazo na procura dos necesarios reequilibrios.

Para titulacións que estean por encima deste valor establecerase unha programación a varios anos que permita rebaixar polo menos 5 puntos por ano este valor.

Para titulacións que estean por debaixo do valor de referencia, poderán manter a súa situación anterior, sempre que non precisen novas contratacións de profesorado. Neste senso, considerase que a aplicación do “Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas/campus” aprobado en Consello de Goberno de 10/03/09 non implica contratacións engadidas senón modificación de capacidade non consolidable por capacidade consolidable.

Unha vez establecido o TMG, o centro poderá fixar a estrutura de grupos docentes de cada titulación de xeito que as horas globais de profesorado teñan o seguinte límite

$$\text{HORAS GLOBAIS DE PROFESORADO} = (\text{ESTIMACIÓN DE HORAS MATRICULADAS DE ESTUDANTES}) / (\text{TMG})$$

que é a inversión da fórmula con que se define o TMG.

4. CONVOCATORIA DE CONTRATOS-PROGRAMA PILOTO COS CENTROS

Os centros son os órganos responsables do desenvolvemento das titulacións adaptadas ao EEES e elementos chave nos procesos de acreditación a que están sometidas as mesmas. Cara a facer maior énfase no criterio de autonomía dos centros preténdese gañar experiencia no desenvolvemento de contratos-programa cos centros que inclúan todos os aspectos de flexibilidade previstos nas normas e os amplíen nalgunha medida.

Para isto seleccionaranse ata 4 experiencias piloto de contratos programa para ser iniciadas no POD 2010-11 cun criterio de reparto por ámbitos e campus. A selección será feita pola COAP entre as propostas recibidas de cara ao cumprimento deste criterio e tendo en conta que a selección feita abarque do xeito máis eficiente as casuísticas que poidan darse na universidade. De xeito excepcional a COAP poderá autorizar un maior número de propostas se o considera necesario.

a) Modelo básico do contrato-programa

O Contrato-programa enunciará unha serie de compoñentes de carga docente que a universidade pon a disposición do centro en forma de horas de profesorado. As compoñentes serán as seguintes:

HI (Horas Impartidas). Son as horas de encargo necesarias para configurar a docencia nun Tamaño Medio de Grupo. Para os graos computarase a partir da estimación de horas matriculadas cos criterios establecidos nos apartados 2 e 3 deste documento. Para as titulacións LRU computarase de acordo a normativa vixente de grupos A, P, L.

HTFG (Horas por traballo fin de grao). Compútanse 3 horas por cada 6 ECTS de traballo fin de grao tutelado no curso anterior.

HD (Horas de desgravación por actividades no centro) Considéranse financiáveis dentro deste marco os créditos de desgravación por actividade executada dos que dispón o centro segundo a normativa xeral da universidade aprobada en Consello de Goberno. O centro poderá utilizar o seu crédito docente total para definir outras actividades propias de apoio relacionadas coa calidade da docencia e a certificación das titulacións.

HME (Horas para impartición de mestrado) O centro poderá utilizar o seu crédito docente para reforzar a repercusión en POD dos mestrados que considere estratéxicos, nas condicións previstas para cada tipo de mestrado.

Os apartados *HTFG* e *HD* están previstos na normativa de desgravacións. Enténdese que o centro incorpora ditas horas no contrato programa e non son aplicables dúas veces.

O centro executará as horas financiáveis en forma de:

- ✓ Encargo de grupos docentes.
- ✓ Recoñecemento de actividades directamente ao profesorado (desgravacións).

b) Execución das horas financiáveis

Os centros que participen desta experiencia piloto terán maior grao de flexibilidade nesta execución que a que se deriva da normativa xeral descrita nos apartados 1 a 3. A flexibilidade está condicionada polas seguintes limitacións

	NORMA DE EXECUCIÓN
HI	1) Deberá encargarse en forma de grupos docentes polo menos o 95% de HI. Poderá dedicarse a recoñecemento das restantes actividades propias do centro un 5% de HI como máximo. Non obstante, esta porcentaxe poderá ser ampliada, previa autorización da COAP se non implica contratacións ou degradación do TMG. 2) O incremento de encargo a un departamento con diminución a outro deberá ser necesariamente xustificado e deberá contar co informe favorable da COAP.
HTFG	3) Poderán ser executadas como: a) Desgravación directa ao profesorado cos criterios que teña aprobado o centro. b) Incremento das horas impartidas HI que poderá dedicarse a clases presenciais da materia TFG ou calquera outra. De ser este o modelo elixido na programación plurianual, poderá ofrecerse ao centro no primeiro ano de implantación de 4º curso un anticipo de horas a partir da matrícula de 3º curso do grao no ano anterior. c) Unha combinación das anteriores 4) Poderán ser incrementadas con cargo á porcentaxe do HI mencionado no punto 1.
HD	5) O centro poderá definir outras actividades de apoio relacionadas coa calidade da docencia e a certificación das titulacións. Estas actividades deberán describirse na memoria do contrato programa. O recoñecemento destas actividades non incrementará as horas financiáveis por HD. Para isto, poderá utilizar a porcentaxe do HI mencionado no punto 1 6) Executarase como desgravación directa ao profesorado.
HME	7) O centro poderá reforzar o apoio a mestrados previsto na norma de desgravacións se considera que son estratéxicos. Para isto poderán utilizar a porcentaxe do HI mencionado no punto 1 8) Este reforzo será executado como un incremento da bolsa a disposición da comisión académica do mestrado.

c) Recepción de propostas.

Os centros interesados poderán presentar propostas de contrato-programa para o cal presentarán antes do 18 de xaneiro de 2010, unha memoria que inclúa:

- ✓ Introducción que describa as peculiaridades do seu centro e o interese que ten para a universidade a selección da proposta.
- ✓ Estimación das compoñentes de carga docente para o curso 2010/11.
- ✓ Proposta tentativa de execución. A proposta final deberá ser formalizada previamente á elaboración do POD dos departamentos tendo en conta a revisión que realice a COAP da proposta tentativa.
- ✓ Breve descrición de liñas de futuro no caso de prolongarse o contrato-programa.